



Comité Intercentros da Universidade de Vigo

ASISTENTES C.I.

C.I.G.

M^a Jesús Losada Rodríguez
Cándido Pérez Betanzos
Rodrigo Alberte Pivida
Federico Fernández Fernández

CC.OO.

Victoria Alonso Crespo
Manuel Velasco Graña
Aser Fernández Rey

U.G.T.

Juan José Fernández Pérez
José Andrés Zapirain (**DS**)

AUSENTES C.I.

Antón García (xustificada)
Carlos Mollinedo (xustificada)
Carmen Serra (xustificada)
Arturo Casar (xustificada)

ASISTENTES CC.EE.

Concepción García Lozano

***DS**- Delegado Sindical

Reunidos no 4º andar do Edificio de Ferro do Campus de Ourense o día 4 de decembro de 2003, ás 10:00 horas en primeira convocatoria e ás 10:30 horas en segunda, coa seguinte orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Informe do Presidente.
3. Informe dos representantes do Comité Intercentros nas distintas Comisións e das reunións mantidas polos distintos membros.
4. Propostas para solucionar a situación do persoal que tras as transformacións foi contratada en categorías a extinguir.
5. Proposta para xestionar a provisión temporal dos postos: cambios quenda, localidade e listas de agarda.
6. Propostas do CI sobre Formación e Acción Social
7. Reclamación da antigüidade polo persoal contratado
8. II Programa Labora.
9. Rogos e Preguntas.

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.

Ó enviar con antelación a acta da sesión anterior a tódolos/as presentes non se lle da lectura. Tras preguntalo o presidente, a acta é aprobada por asentimento.

2. Informe do Presidente.

Antes de pasar ó informe o presidente comunica as delegacións de votos existentes para a presente reunión que neste caso son as debidamente enviadas por Carmen Serra, Carlos Mollinedo, Antón García e Arturo Casar, documentos que quedarán anexados a esta acta. A continuación da conta dos seguintes asuntos.

- Das contratacións temporais, prórrogas e mobilidade.
- Da execución dos acordos
 - Escrito sobre substitucións por actividade sindical
 - Escrito solicitando copia básica dos contratos de PDI laboral e da ampliación do escrito inicial.
 - Da reunión mantida cos TESX .
 - Creación do Grupo de Traballo do CI para elaborar a nova RPT.
 - Do traballo realizado para modificar a normativa das listas de agarda.
- Resposta ó Recurso presentado contra a convocatoria para a selección e contratación temporal de dous titulados de grado medio para a Área de Calidade.
- Resolución Rectoral incrementando as pagas extras do PAS-L.
- Convenio coa Deputación de Ourense para contratar un orientador laboral.



- Escrito dos TESX dos centros de Torrecedeira, escrito que foi lido ante os presentes.
- Escritos do persoal que desenvolve a súa actividade no aulario.
- Sentencia por despedimento improcedente de Beatriz Rodríguez.
- Programa Labora ano 2004.
- Reunión mantida entre membros do CI e Xunta de Persoal PAS na que se trataron asuntos relativos os dereitos sociais do PAS-F e dos Planos de Acción Social e Formación do PAS.
- Reunión mantida polo presidente e secretario do CI co xerente.
- Paga de produtividade do ano 2003. Neste asunto pregunta o CI se asina ou non o documento.

O rematar o informe retomamos o asunto da produtividade e ábrese o debate para responder a pregunta formulada polo presidente. Distintos membros do CI expoñen a súa postura, nas intervencións sinálase a falta de negociación e o xeito informal de comunicar o incremento do 3,5%, non obstante, CIG e CC OO non poñen condicións para asinar o documento, a UGT esixe o reparto lineal. O non haber acordo realízase unha votación que da o seguinte resultado: a favor do asinamento os representantes de CIG e CC OO, en contra os representantes da UGT.

3. Informe dos representantes do Comité Intercentros nas distintas Comisións e das reunións mantidas polos distintos membros.

- Chus Losada, representante do CI na Comisión formada para contratar un técnico de orientación laboral, da conta de como se desenvolveu a selección. A praza creouse tras o acordo entre a Universidade e a Deputación de Ourense.
- Os asistentes a reunión mantida con delegados da Xunta de Persoal PAS, dan conta dos documentos presentados en dita reunión e dos pasos a seguir para a elaboración de documentos propios do CI.
- Federico Fernández informa de como se atopa o proceso de selección de ATID. Entre as solicitudes hai dúas de promoción interna e 75 admitidas para acceso libre.
- Cándido, Zapirain e Manuel Velasco, dan detalles da reunión mantida cos TESX, Cándido da lectura o resumo da reunión elaborado polo secretario.

4. Propostas para solucionar a situación do persoal que tras as transformacións foi contratada en categorías a extinguir.

Por petición de Zapirain, que foi quen solicitou no seu momento a inclusión deste punto na orde do día, este asunto tratarase na próxima reunión.

5. Proposta para xestionar a provisión temporal dos postos: cambios quenda, localidade e listas de agarda.

Cándido e Federico comentan detalles do documento que están a elaborar dándoselle lectura as partes que foron modificadas ou se propón suprimilas no novo texto.



6. Propostas do CI sobre Formación e Acción Social.

Instase a que o CI teña canto antes este documentos para poder contrastalos cos presentados pola Xunta de Persoal. Ós representantes do CI nas Comisións de Acción Social e Formación xunto cos voluntarios/as que queiran participar, se lles fai a encomenda de elaborar este documentos canto antes.

7. Reclamación da antigüidade polo persoal contratado.

Neste punto comentase a nova sentenza a favor dun traballador da Universidade de Vigo que obriga a Empresa a pagarlle 1803 €, cantidade que corresponde a antigüidade acumulada polo traballador na administración pública dende o 1 de xaneiro de 2001, data dende a que é de aplicación o actual Convenio Colectivo. Contra dita sentenza non se pode interpoñer recurso.

O pleno do Comité acorda solicitar de novo ó xerente que execute o que ven de recoñecer o Xulgado do Social nº2 de Vigo e elaborará un documento para que os/as traballadores/as que o desexen poidan presentar a reclamación previa.

8. II Programa Labora.

Comunícase que a Empresa está a piques de poñer en marcha o II Programa Labora. Desta vez o CI acorda, por maioría dos presentes, participar nas comisións de selección. Tamén se acorda esixir a Universidade que este persoal, xunto co resto do persoal, que está fora do Convenio teñan recoñecidos o mesmos dereitos sociais e de xornada que o persoal incluído nas RPTs.

Para designar os representantes do CI acordase que a distribución se faga proporcional a representación sindical e que no caso de que as comisións de selección se constituán antes da celebración da próxima reunión do CI, delegar nos representantes dos sindicatos para que o fagan de acordo cos representantes designados.

9. Rogos e preguntas.

Rodrigo pregunta que se tería que facer para contratar un monitor para o novo Pavillón de deportes do Campus de Ourense.

Acordos:

- Facer un escrito instando o xerente a que solucione os problemas detectados en distintas dependencias do Edificio Aulario pertencente a Cidade Universitaria S.A., onde actualmente están situados distintos servizos da Universidade de Vigo.
- Facer un escrito instando o Xerente a que acuda as reunións formais co CI con secretario/a para que se recolla por escrito os acordos e os pormenores destas reunións.



Comité Intercentros da Universidade de Vigo

- Tras a sentenza que lle recoñece a un traballador contratado (no momento de presentar a reclamación) o dereito a percibir o complemento de antigüidade en igualdade de condicións que o persoal fixo, esixir a xerencia que se pague os atrasos que a Universidade debe os traballadores e traballadoras que se atopan na mesma situación.
- Elaborar un documento que recolla os dereitos laborais do persoal non suxeito a Convenio dentro da Universidade de Vigo.

Fdo: Manuel Velasco Graña
(Secretario)

VºBº: Cándido Pérez Betanzos
(Presidente)